

INFORMACIÓN PARA A INSCRIPCIÓN E ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE AXUDANTE DE COCIÑA. (60H). NOVEMBRO 2022.

1.- Persoas destinatarias.

Poderán presentar solicitude de participación neste curso todas as persoas interesadas, tendo prioridade aquelas que se atopen empadroadas no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes de participación nesta acción formativa deben enviarse ao enderezo electrónico: maria.santos.lemina@portodoson.gal

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 20 de outubro de 2022 e rematará o día 26 de outubro de 2022. Non se terá por admitida ningunha solicitude enviada antes ou despois de dito prazo.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Documentación.

A comprobación do empadramento no Concello de Porto do Son será feita de oficio polo Servizo de Orientación Laboral. O envío da solicitude implica a autorización para esta comprobación.

4.- Selección de participantes.

A selección das 10 persoas participantes farase polo sistema de sorteo, segundo o disposto no punto 5 do Decreto de Alcaldía número 163, de 27 de febreiro de 2018, regulador das bases xerais de participación en accións formativas promovidas polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son.

5.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 10 prazas.

6.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso terá lugar do 7 ao 25 (L-V) de novembro na aula de cociña do Viveiro de Empresas de Porto do Son, en horario de 16:00h a 20:00h.



7.- Contidos do curso.

Tema 1: Organización da cociña. Vocabulario básico. Manipulación e conservación de alimentos.

Tema 2: Cocciós (vapor, microondas, olla a presión, grella, prancha, wok, forno, papillote, etc.).

Tema 3: Ensaladas e verduras.

Tema 4: Legumes.

Tema 5: Arroces e pastas.

Tema 6: Carnes e peixes.

Tema 7: Postres.

8.- Condicións de superación do curso.

A obtención do correspondente diploma de participación require da asistencia ao 90% das horas lectivas.

Porto do Son, 20 de outubro de 2022.